



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO DE PENADOMINGA” (QUIROGA - LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
28/08-8/09/2021	18-30	Estatal	Arqueolóxico	12



### LOCALIZACIÓN

Quiroga é un concello da provincia de Lugo. Limita ao norte con Folgoso do Courel, ao sur coa Rúa na provincia de Ourense e ao oeste con Ribas de Sil e A Pobra de Brollón. Está situado na zona coñecida como Ribeira Sacra.

O castro de Penadominga atópase no alto dunha pendente moi pronunciada, polo que para construílo foi necesario socalco con muros de contención. A cara norte desta elevación, cun corte vertical de setenta metros, é totalmente inaccesible. Na parte máis accesible, ao este, escaváronse tres fosos defensivos. O lugar foi espoliado en numerosas ocasións ao longo da historia.

O asentamento, cuxas orixes seguramente teñen relación coa minería aurífera, foi empregado ao longo de varios séculos, en períodos históricos moi distintos. Nel atopáronse numerosos obxectos de ferro e bronce das épocas romana e visigótica, moedas romanas, fragmentos de cerámica, antigas ferramentas e pezas de adorno.



NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO

É un campo de voluntariado que ten como base o medio ambiente, a xeoloxía e a dinamización dunha zona da Galicia interior, onde se levarán a cabo as seguintes tarefas:

- Limpeza e acondicionamento do acceso ao castro. Sinalización e dinamización da ruta.
- Creación dunha páxina web e unha ruta virtual onde se mostrará a cartografía, a planimetría e o perfil da ruta. Códigos QR xeolocalizados con información sobre a flora, a fauna e os puntos de interese.
- Dinamización do xeparque: Creación de xornadas divulgativas en Quiroga, creación de xornadas divulgativas nos concellos da redonda.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Piscina, tiro con arco, carreira de orientación.
- Visita a Quiroga, museo xeolóxico e museo etnográfico.
- Actividades náuticas (*kayak, paddleboard*)
- Ruta: xeoloxía e arqueoloxía de Galicia.
- Xogos tradicionais
- Rutas de orientación



NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

### COMO CHEGAR:

Quiroga conta con estación de tren, polo que, dende calquera lugar é a mellor opción de chegar ata este punto de encontro ([www.renfe.es](http://www.renfe.es)). A súa estación está en San Clodio.

Outras combinacións posibles para o destino en Quiroga son [www.monbus.es](http://www.monbus.es) (Lugo-Monforte de Lemos);



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO DE PENADOMINGA” (QUIROGA - LUGO)

[www.arriva.gal](http://www.arriva.gal) (A Coruña-Lugo); [www.monbus.es](http://www.monbus.es)  
(Compostela-Lugo)

### ALOXAMENTO

Albergue Municipal. R/ Real, 118 - 27320 Quiroga (Lugo)



Está situado en pleno núcleo urbano e conta con 150 prazas de aloxamento distribuídas en 32 habitacións de 2, 4, 6, 8 e 18 prazas todas elas con cuarto de baño.

<https://www.facebook.com/alberguedequiroga>

### INCORPORACIÓN

O primeiro día dende las 16.00 h no albergue de Quiroga.

### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou de familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter que abandonar a actividade por motivos relacionados co Covid-19 sempre e cando no transcurra máis del 50% dos días de duración do campo.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toallas de ducha.

- Saco de durmir e mochila pequena para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío) e unha gorra.

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.



### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

[www.facebook.com/xuventude.net](http://www.facebook.com/xuventude.net)

Servizo de Xuventude de Lugo. Tfno.: 982 294 599

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

[www.concelloquiroga.es](http://www.concelloquiroga.es) Información sobre o concello, situación, turismo, transportes, accesos...